



## CONVOCATORIA DOS XIX PREMIOS COAG DE ARQUITECTURA

### BASES

**PRIMEIRA: OBXECTO**

**SEGUNDA: CONCURSANTES**

**TERCEIRA: CATEGORÍAS E CONDICIÓN**

**CUARTA: XURADO**

**QUINTA: INCOMPATIBILIDADES**

**SEXTA: DOCUMENTACIÓN**

**SETIMA: PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS E CONSULTAS**

**OITAVA: DITAME E PREMIOS**

**NOVENA: PRAZOS**

**DÉCIMA: PROPIEDAD INTELECTUAL E DEREITOS DE TERCEIROS**

**UNDÉCIMA: PUBLICACIÓN E DIFUSIÓN**

**DUODÉCIMA: INFORMACIÓN SOBRE TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS**

**DECIMOTERCEIRA: ACEPTACIÓN DAS BASES**

---

### PRIMEIRA: OBXECTO

Convócase a décimo novena edición dos Premios COAG de Arquitectura, a conceder a obras de arquitectura nas categorías que se dirán, realizadas no ámbito territorial do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

### SEGUNDA: CONCURSANTES

Poderán presentar candidaturas á presente edición, excepto nas categorías nas que indiquen condicións específicas, as persoas físicas o xurídicas que cumpran os seguintes requisitos:

- Figurar como colexiados persoas físicas ou como sociedade inscrita no Rexistro de sociedades profesionais no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia ou en calquera outro Colexio de Arquitectos de España.
- Atoparse ao corrente das súas obrigacións colexiais e en plenitude dos seus dereitos como colexiados ou sociedades inscritas.
- Ser os autores das propostas presentadas.

As propostas que se presenten a esta convocatoria, excepto nas categorías nas que indiquen condicións específicas, deben cumprir as seguintes condicións:

- Traballos realizados ou relacionados co ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Circunscritos cronolóxicamente conforme ao previsto na base terceira.
- Xustificar o cumprimento das obrigas colexiais e que na tramitación do traballo presentado a concurso se teñen satisfeito os deberes de colexiación e visado, en aqueles casos legalmente esixibles. No caso de expedientes tramitados no COAG será suficiente con indicar o número de expediente colexial.
- No caso de que as obras estivesen suxeitas á obrigatoriedade do visado colexial en aplicación do RD 1000/2010, requirirase que tanto o proxecto como o Certificado Final de Obra fose visado e que o correspondente importe do servizo de visado fose satisfeito. No caso de expedientes tramitados no COAG será suficiente con indicar o número de expediente colexial.



- Cando en aplicación da normativa sobre contratación pública, a obra tivese sido obxecto de informe por parte dunha oficina de supervisión de proxectos, ou órgano equivalente, da Administración Pública competente, non será necesario acreditar o visado colexial (RD 1000/2010, art. 4). Nestes supostos a data de finalización da obra acreditarase por calquera documento (certificado, declaración, etc... ) verificado ou subscrito pola Administración Pública contratante.
- Unha mesma obra ou traballo só se poderá presentar a unha única das categorías establecidas.

#### Na Categoría de Proxecto Fin de Carreira:

- Non será requisito obrigatorio de participación a colexiación.
- Para a presentación de propostas deberán obter as credenciais de acceso á plataforma de presentación. Este trámite deberá realizarse a través do enlace web específico que se habilitará proximamente.

#### Arquitectos colexiados noutros colexios:

- Para a presentación de propostas, os arquitectos colexiados noutros Colexios de Arquitectos de España, que non dispoñan de usuario e contrasinal da web do COAG, deberán obter a incorporación na base de datos do COAG como arquitectos procedentes doutros Colexios de Arquitectos. Este trámite debe realizarse seguindo as indicacións dispoñibles no seguinte [ENLACE](#)

### TERCEIRA: CATEGORÍAS E CONDICIÓN.

As obras e traballos presentadas a concurso deberán estar totalmente rematadas, **entre o 1 de agosto do 2018 e o 30 de setembro do 2020.**

O Xurado poderá asumir o rexeitamento daquelas obras que cualifique non rematadas por completo.

As propostas deberán estar incluídas dentro dalgunhas das categorías que de seguido se expresan:

#### CATEGORÍAS

- 1.- Residencial de nova planta:
  - 1.a Vivenda unifamiliar.
  - 1.b Vivenda colectiva.
- 2.- Outros edificios de nova planta.
- 3.- Obras de restauración e rehabilitación.
- 4.- Obras de Interiorismo.
- 5.- Arquitecturas efémeras e Deseño.
- 6.- Planeamento urbanístico.
- 7.- Deseño de espazos urbanos, xardiñería e paisaxismo.
- 8.- Divulgación e Investigación.
- 9.- Proxecto Fin de Carreira.
- 10.- Categoría especial a toda a Traxectoria Profesional.

Unha mesma proposta só se poderá presentar a unha única das categorías expostas.

#### Na categoría de **Divulgación e Investigación:**

- Só poderán participar nesta categoría os arquitectos colexiados no COAG.





- Os traballos no están limitados ao ámbito xeográfico da comunidade autónoma de Galicia.
- Exclúense o formato de Teses académicas, artigos e outros traballos orientados ao ámbito académico que pola súa extensión e características sexan de complexa valoración por parte do xurado.

Na categoría de **Proxectos Fin de Carreira**:

- Poderán presentarse a ela todos os traballos (PFC, TFM, PFG) requiridos para a obtención do título habilitante de Arquitecto, relacionados co ámbito territorial de Galicia.
- Poderán presentarse os PFC aprobados **entre o 1 de agosto do 2018 e o 30 de setembro do 2020**.

O premio á **Categoría especial a toda a Traxectoria Profesional** será concedido a proposta da Xunta de Goberno.

A criterio do Xurado, poderase variar a categoría proposta nalgunha obra.

#### CUARTA: XURADO

Estará composto como segue:

- Presidenta: a Ilma. Sra. Decana do COAG ou membro da Xunta de Goberno en quen delegue.
- Vocais:
  - Un **arquitecto colexiado** docente dunha ETSA designado pola Xunta de Goberno.\*
  - Un **arquitecto** que conte cunha traxectoria de obra construída significativa designado pola Xunta de Goberno. \*
  - \* Ningún dos dous vocais anteriores poderán haber formado parte do xurado nas dúas edicións anteriores.
  - O responsable da Comisión de Cultura ou membro da Xunta de Goberno en quen delegue.
  - O responsable da Comisión de Urbanismo y Territorio ou membro da Xunta de Goberno en quen delegue
  - Secretario: a Secretaria da Xunta de Goberno, con voz pero sen voto.



Para a constitución do Xurado precisarase a presenza de, polo menos, catro dos seus membros: Presidenta, Secretaria e dous Vogais.

O Xurado poderá decidir sobre a posibilidade de outorgar premios "ex aequo".

As sesións de deliberación terán lugar de forma presencial o telemática segundo acorde a Presidenta do Xurado.

A decisión do Xurado é inapelable.

#### QUINTA: INCOMPATIBILIDADES

Considéranse incompatibles para participar na presente convocatoria: os membros do xurado, así como os seus socios/as profesionais, colaboradores/as habituais e os seus achegados por



consanguinidade ou afinidade. A incompatibilidade estenderase a familiares ata 4º grado de consanguinidade e 2º de afinidade, así como a convivintes como parella de feito.

## SEXTA: DOCUMENTACIÓN

Os concursantes **deberán remitir modelo de solicitude de participación e autorización para o tratamento de datos persoais** (Anexo I dispoñible no seguinte [ENLACE](#)) debidamente cuberto e asinado con sinatura dixital válida (DNI, FNMT...), **acompañado da documentación das súas propostas que deben recoller a documentación que se describe na plataforma de presentación en cada unha das categorías.**

**Só se admitirán aquelas propostas que presenten a documentación requirida en tempo e forma.**

A documentación aportada quedará en propiedade da Comisión de Cultura do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, á que se encomenda a posible publicación das obras premiadas.

## SETIMA: PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS E CONSULTAS

O prazo de presentación das propostas remata ás **23:59 horas do día 1 de abril de 2021.**

As propostas deberán ser achegadas vía web a través do enlace:

<http://portal.coag.es/convocatorias-abertas/> (**AVISO IMPORTANTE: a plataforma web para presentación de candidaturas estará dispoñible proximamente**)

Neste apartado, deberánse cumprimentar todos aqueles campos obrigatorios que se indican, atendendo así mesmo ás indicacións e recomendacións expostas. **En calquera caso, prevalecerán os requisitos documentais especificados na plataforma de presentación.**

En todo caso, **con independencia da documentación que se indique no apartado web a presentar segundo a modalidade na que se participa, todas as propostas deberán aportar o modelo de solicitude de participación e autorización para o tratamento de datos persoais, publicación e difusión (ANEXO I) debidamente cuberto e asinado con sinatura dixital válida (DNI, FNMT...),** dispoñible no seguinte enlace: [ANEXO I SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN E AUTORIZACIÓN](#)

O Colexio comprométese á resolución de todas as **consultas relativas ás bases** presentadas con anterioridade ao **venres 18 de marzo de 2021 ás 15:00 h.**

As consultas deberánse facer a través da [plataforma](#) de consulta da web colexial, en caso de arquitectos colexiados no COAG ou en calquera Colexio de Arquitectos de España, concretamente no seguinte [ENLACE](#)

As consultas relativas á categoría de Proxecto Fin de Carreira, deberán remitirse por correo electrónico a: [cultura@colexiodearquitectos.org](mailto:cultura@colexiodearquitectos.org)

Có fin de evitar os posibles problemas de subida que poidan suceder nos equipos desde os que se sube a información e documentación á plataforma (funcionamento, rede,...), fanse as seguintes indicacións:





- Recoméndase non subir a documentación das súas propostas á nas últimas horas de prazo.
- Recoméndase subir a documentación de modo progresivo, a medida que a teñan elaborada e non toda dunha vez
- Lémbrese que a plataforma permite ir engadindo e modificando a proposta dentro de prazo de presentación, así como acceder en cada momento á previsualización da proposta.

### OITAVA: DITAME E PREMIOS

O ditame do Xurado referirase separadamente a cada unha das categorías definidas na base terceira, podendo deixar desertas as que se coiden axeitadas ou outorgando un premio a cada modalidade, así como ós accésit e mencións que, en función da calidade das propostas, resulten pertinentes.

O Xurado, á vista da documentación presentada, poderá realizar unha selección previa daquelas obras que considere reúnen condicións dabondo para optar a premio en calidade de finalistas, y una vez realizada, procederá á visita das mesmas, se así o considerase conveniente o Xurado.

Os finalistas daranse a coñecer previamente a través de circular colexial e o ditame farase público no acto de entrega dos Premios e posteriormente comunicarse a través da circular colexial.

Os premios carecen de dotación económica.

O COAG entregará en propiedade os titulares das propostas galardoadas, reproducións do diploma ou trofeo creado ó efecto.

### NOVENA: PRAZOS

O prazo de presentación das propostas remata ás **23.59 horas do día 1 de abril de 2021.**

A constitución do Xurado efectuarase no prazo máximo de quince días a partir do remate do prazo de presentación. Procederá á admisión e selección das obras propostas.

Rematada esta fase, o Xurado reunirse para seleccionar as propostas finalistas e fixará un calendario para a visita delas, si o considera convinte.

Rematada a fase anterior, o Xurado reunirse para emitir o seu ditame, que haberá de se producir nun prazo máximo de noventa días a partir do remate do prazo de presentación.

### DÉCIMA: PROPIEDAD INTELECTUAL E DEREITOS DE TERCEIROS.

Os participantes deberán ser titulares dos dereitos de propiedade intelectual sobre os traballos, proxectos, fotografías e/ou planos presentados, e/ou contar con todos os dereitos e/ou facultades para o uso, reprodución, comunicación e difusión dos mesmos e comunicar aos promotores e/ou propietarios, no seu caso, previamente, a presentación da candidatura e os datos, a documentación e imaxes que a acompañan e recabada a súa conformidade.

Os participantes fanse responsables da documentación facilitada, manifestando que a mesma non infrinxe dereitos de propiedade intelectual nin de imaxe de terceiras persoas, nin calquera





outro dereito de terceiros e, así mesmo, exoneran ao COAG de calquera responsabilidade respecto diso.

Por tanto, o participante responderá directamente ante calquera reclamación, queixa ou demanda de terceiros con relación á vulneración ou infracción dos posibles dereitos que puidesen derivarse da documentación entregada ou como consecuencia da presentación da mesma á presente convocatoria mantendo indemne ao COAG.

### **UNDÉCIMA: PUBLICACIÓN E DIFUSIÓN**

Os autores das obras ou proxectos participantes autorizan ao COAG para o uso, distribución, comunicación pública, exhibición, reprodución, publicación e difusión por calquera medio, conxunta ou individualmente, das candidaturas presentadas e toda a documentación e imaxes que a integran, podendo, en consecuencia, aparecer en calquera tipo de soporte, editado, impreso ou dixital, vinculado co COAG e a difusión das súas actividades, incluído Internet, e cedendo ao COAG todos os dereitos de explotación da propiedade intelectual que das publicacións resultantes puidesen xerarse, sen limitacións de tipo territorial nin temporal e sen que os cedentes poidan reclamar contraprestación algunha, nin dineraria nin de ningunha outra clase.

Así mesmo, autorizan ao COAG para poder presentar o conxunto das obras premiadas, como un todo, a outros premios, certames ou convocatorias que o Colexio estime axeitadas.

Non se poderán utilizar os traballos e documentación presentados, salvo acordo e consentimento expreso dos seus autores, para outros fins distintos aos vinculados á publicidade e difusión dos premios e das actividades do COAG, e aos descritos nestas bases.

### **DUODÉCIMA: INFORMACIÓN SOBRE TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS**

O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA (COAG) tratará os datos de carácter persoal consignados na súa solicitude de participación e na documentación que acompañe, ou sexan xerados a consecuencia da súa participación no Premio, coa finalidade da xestión do certame e o cumprimento das funcións e obrigas legais. A lexitimación para o tratamento é o seu consentimento e o cumprimento das funcións de interese público e obrigas legalmente impostas ó COAG.

Os datos solicitados no formulario de participación resultan necesarios para a comprobación do cumprimento dos requisitos de participación e a valoración da súa candidatura polo xurado, se non facilita estes datos, podería ver rexeitada a súa solicitude de participación. Se o participante proporciona datos de terceiras persoas coa súa solicitude, ten a obriga de informar debidamente ós terceiros e, no seu caso, recabar o seu consentimento explícito.

Os datos que proporcione o participante comunicaranse ó xurado, a outros participantes no certame e ós colexiados, así mesmo, os datos da candidatura comunicaranse ó público mediante a súa publicación no sitio web do COAG, e a través da súa posible difusión polos medios de comunicación. Os datos tamén poderán comunicarse en cumprimento das obrigas legais do COAG, en particular, as relativas a transparencia e bo goberno.

Os datos conservaranse mentres sexan necesarios para a xestión do certame, a súa difusión e publicidade, e para dar cumprimento ás obrigas de arquivo o rexistro público.

As persoas interesadas poden exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos datos, de limitación e oposición ó tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas só no tratamento automatizado dos datos ante o COAG, na súa sede ou no email: [secretaria@colexiodearquitectos.org](mailto:secretaria@colexiodearquitectos.org)





Cando o tratamento estea baseado no consentimento do interesado, este poderá retirar o consentimento en calquera momento.

No caso de que o interesado estime que non se está a realizar un tratamento adecuado dos seus datos, pode presentar unha reclamación ante o Delegado de Protección de Datos designado (dpd@coag.es) ou ante a *Agencia Española de Protección de Datos* ([www.aepd.es](http://www.aepd.es))

### **DECIMOTERCEIRA: ACEPTACIÓN DAS BASES.**

A concurrencia a esta convocatoria implica o coñecemento e total aceptación das súas bases. O incumprimento de calquera cláusula das bases pode ser motivo de exclusión da convocatoria e de retirada, no seu caso, do premio.

